

Descrición do percorrido.

A saída que imos facer o domingo 23, despois de tanto tempo no dique seco por culpa da pandemia, discorre polo concello de Ponteceso, concretamente pola zona na que o río Anllóns se xunta co océano Atlántico.

Terra do poeta Eduardo Pondal, cuxa inspiración foi alimentada polos asombrosos lugares que percorrерemos neste carreiro. "Bardo" da nación galega, é un dos tres grandes poetas do Rexurdimento, xunto con Rosalía de Castro e Curros Enríquez. As primeiras estrofas do seu poema "Os Pinos" conforman a letra do himno galego ao que Pascual Veiga puxo música. Durante o noso percorrido atoparemos numerosas referencias á súa persoa.

Para elaborar este roteiro circular, ademais da colleita persoal, tomouse como referencia parte dos PR- G 148 e PR- G 148.1 conectándoos cun tramo do camiño dos faros, que tanto temos que agradecer ao grandísimo traballo da asociación Os Trasnós.

Comezamos a camiñar nunha chaira que hai a poucos metros da casa natal de Pondal e avanzamos polo malecón do Couto para despois ascender ao Monte Branco, que con tan só 182 m. de altura, é un excelente miradoiro do esteiro do Anllóns. Dende aquí podemos ver Ponteceso e os meandros do Anllóns, Neaño (Capital de Cabana de Bergantiños e berce de quen isto escribe), Laxe, Balarés, Corme e aos nosos pés a impresionante praia de A Barra entre os illotes de Os Cagallóns e A Tiñosa.

Continuamos en ascenso ata outro miradoiro natural situado nunha zona rochosa a 218 de metros de altura, as vistas son igualmente impresionantes, por riba do Monte Branco e punto mais alto do noso percorrido. Dende aquí dirixímonos cara a Gondomil onde se atopa a Pedra da Serpe, unha única e misteriosa figura pétreo con forma de serpe alada xacendo baixo unha cruz. Baixamos ata a praia dá Ermida para continuar o noso percorrido de volta, agora pola costa, pasando pola praia de Río Covo, Punta da Facha, praia de Balarés e dunas da praia de A Barra e finalmente ao malecón do Couto que nos conduce ao punto de partida.

Por suposto é recomendable levar toalla e bañador xa que se fai bo día, un baño sería o colofón do que penso que é un bonito roteiro.

Distancia aproximada: 18,5 Km.

Teléfono Servicio asistencia 902136524 (Mapfre)



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



**SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS**

COÑECE E CAMIÑA



23 de MAYO de 2021

ENTRE PONTECESO Y CORME

(A Coruña)

